

Ao igual que moitos dos seus coevos, desexou os favores de María Balteira: «María Peres, ando eu mui cuitado...». Esta circunstancia fixo pensar si ao se referir a Pero de Ambroa, maordomo de xograis, e á soldadeira, non sería tamén galego como eles.

**MAGARIÑOS NEGREIRA, Xulián M.**—Foi un dos fundadores do «Seminario de Estudos Galegos». Naceu na vila coruñesa de Negreira o ano 1904. Despois de cursar o bacharelato fixo a carreira de Dereito na Universidade de Santiago. Exerceu máis tarde a profesión de abogado no seu lugar natal. Finou no verán do 1934.


Ben dotado para o relato humorístico, publicou na Colección «Lar» dúas narracións: *O calívera 30 HP* en 1925, e *O filósofo de Tamarica* no ano seguinte. Na primeira reflexa con gracia a introducción do automovilismo en Galicia. A outra ven ser unha sátira da vida galega. Fóra do xénero narrativo escribiu artigos de diverso feitío: *O Nazonalismo de Federico Chopin*; *Estancamento i evolución*; *A nosa novela*; *A festa do traballo labrego*; *Noite de Luar*; e *Afonso de Coton, humorista*.

**MAGARIÑOS SUEIRO, Alfonso.**—Naceu o 3 de outubro do 1936 en Arcos de Furos, do concello pontevedrés de Cuntis. Cursou a carreira eclesiástica nos Seminarios diocesanos de Tui e Vigo. Licenciouse en Teoloxía en Roma, e en Ciencias Sociais na Universidade Pontificia de Madrid.

Colaborou na prensa con moitos artigos en galego, algúns co pseudónimo de Dámaso Navares. No 1979 publicou *Galicia: conflicto e supervivencia*. Outros traballos da súa autoría son os titulados: *Biografía e bibliografía de López Ferreiro*, e *Galicia e o seu futuro*.

**Francisco Fernández del Riego**

**DICCIONARIO  
DE  
ESCRITORES  
EN LINGUA GALEGA**



**Ediciós do Castro**

**17 de Maio de 1990  
DÍA DAS LETRAS GALEGAS**